

CONTRA A VIOLENCIA



Dende que se declarara o día 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero contra as Mulleres, véñense desenvolvendo campañas para concienciar á poboación sobre a realidade que sofren moitas mulleres. Con todo, as cifras anuais de agresións e asasinatos a mulleres seguen a resultar intolerables, e nos derradeiros anos hai que sumar tamén a outras vítimas directas, os menores, fillos e fillas das mulleres que sofren violencia.

Ante esta evidencia, o Concello de Brión súmase á crenza de que, a sociedade en xeral, debe deixar de ser espectadora e asumir un papel activo e protagonista, rexeitando esta situación intolerable, e amosando publicamente a solidariedade coas vítimas, e a tolerancia cero cos agresores.

Por iso me dirixo hoxe a toda a comunidade, para que **TODOS E TODAS** transmitamos a mensaxe: "Brión libre de violencia contra as mulleres!". Propóño-vos sumarnos á campaña "En negro contra as violencias", na que participan máis de 100 concellos de Galicia, facendo visibles os carteis con esta mensaxe no noso posto de traballo, negocio, escola, ventás, roupa...

No Concello e no Centro Social podedes solicitar a entrega de carteis institucionais.

Ademais, convído-vos a que participedes o próximo venres día 23 de novembro, na concentración de repulsa que terá lugar na praza do Concello entre as 12:00 e as 12:15

José Luís García García (Alcalde-Presidente)



Concello de Brión
www.concellodebrión.gal

**25N
BRIÓN
EN NEGRO**

**CONCENTRACIÓN DE REPULSA
CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA:**
Venres 23 de novembro
Praza do Concello
De 12:00 a 12:15 h.